

**ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO DO PARQUE EMPRESARIAL DE AREAS, TUI", POSTA EN COÑECEMENTO DE INFORME DO SECRETARIO DA MESA DE DATA 21/11/2017 SOBRE ERROS DE TRANSCRICIÓN NAS ACTAS DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADAS OS DÍAS 30 DE OUTUBRO E 7 DE NOVEMBRO 2017 E PRONUNCIAMENTO DA MESA AO RESPECTO.**

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás once horas e cincuenta e un minutos do día 24 de novembro 2017, reúnese no Salón de Sesións a MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros.

Asistentes:

- Presidente: Carlos Vázquez Padín, Alcalde-presidente.

- Vogais:

Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.

Pilar Fernández Alonso, secretaria do concello.

José Manuel Ferreiroa González, arquitecto técnico municipal.

María Jesús Da Silva Fernández, concelleira de Urbanismo.

- Secretaria:

María Jesús Blanco Martínez, funcionaria do concello.

Asiste á sesión Fabian Barreiro González, enxeñeiro técnico municipal.

1º.- Dase conta de que con data 21 de novembro 2017 o funcionario adscrito ao departamento de Secretaría, Unidade de Contratación, en calidade de Secretario das Mesas de Contratación realizadas con data 30 de outubro e 7 de novembro 2017, emitiu informe no que se fai constar a existencia de erros de transcripción polo secretario da mesa nas referidas actas de datas 30/10/2017 e 7/11/2017, polo que as puntuacións que se reflexaron nas indicadas actas non son as que realmente se outorgaron pola Mesa en ditas sesións de 30/10/2017 e 7/11/2017.

2º.- Asemesmo dase conta do oficio da Alcaldía de data 22/11/2017, no que, tras aludir ao recurso con RE nº 10382 de 9/11/2017 presentado pola empresa "SERVICIOS ELECTRICOS ABELMAR, SL" (alegando que a luminaria ofertada por S3Systems&Solutions, S.L. non cumpre as especificacións do prego) e a dous informes de data 13/11/2017 emitidos polo enxeñeiro técnico municipal redactor do proxecto (nos que informa que as características técnicas das luminarias ofertadas polas empresas "S3 SYSTEMS&SOLUTIONS, S.L" e "VALDONAIRE SOLUCIONES TECNICAS, S.L." non se axustan as establecidas no prego e no proxecto de obra), a Alcaldía solicita pronunciamento ao respecto da mesa de contratación

En consecuencia, a mesa de contratación, por unanimidade dos membros asistentes, ACORDA:

**Primeiro.**-Prestar a súa conformidade a rectificación dos erros de transcripción cometidos nas actas da Mesa de datas 30/10/2017 e 7/11/2017, xa que as puntuacións realmente outorgadas en ditas sesións da Mesa, foron as que se reflicten a continuación:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA (Valoracións outorgadas na mesa de 07/11/2017)	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN (Valoracións outorgadas na mesa de 30/10/2017)	INCREMENTO GARANTÍA (Valoracións outorgadas na mesa de 30/10/2017)	TOTAL PUNTUACIÓNS CORRECTAS.
Zona de Obra O Rosal S.LU	42.990,39€ (26,51 puntos)	0,00 puntos	20,00 puntos	46,51 puntos
Servizos Eléctricos Abelmar, S.L.	40.909,35€ (30,20 puntos)	30,00 puntos	20,00 puntos	80,20 puntos
Industrial Eléctrica de Galicia, S.L.	41.263,00€ (29,58 puntos)	0,00 puntos	20,00 puntos	49,58 puntos
Juan R. Font	46.659,00€ (20,00 puntos)	0,00 puntos	5,00 puntos	25,00 puntos
Electricidad IN.M.A.C Condado S.L.	45.385,12€ (22,27 puntos)	0,00 puntos	20,00 puntos	42,27 puntos
Valdonaire Soluciones Tecnicas, S.L.	29.900,00€ (49,73 puntos)	30,00 puntos	20,00 puntos	99,73 puntos
Microled La Mancha, S.L.	32.534,35€ (45,06 puntos)	0,00 puntos	20,00 puntos	65,06 puntos
Construcciones SEOVI, S.L.	48.800,00€ (16,21 puntos)	0,00 puntos	0,00 puntos	16,21 puntos

New Energy Concept 2020 S.L.	37.000,23€ (37,14 puntos)	30,00 puntos	20,00 puntos	<b>87,14 puntos</b>
Aopil, s.l.	42.306,71€ (27,72 puntos)	30,00 puntos	20,00 puntos	77,72 puntos
Imesapi, S.L	38.848,94€ (33,86 puntos)	<b>0,00 puntos</b>	20,00 puntos	<b>53,86 puntos</b>
Airis Technology Solutions, s.l.	33.652,73€ (43,08 puntos)	30,00 puntos	20,00 puntos	93,08 puntos
S3 Systems & Solutions, s.l.	29.752,00€ (50,00 puntos)	<b>0,00 puntos</b>	20,00 puntos	<b>70,00 puntos</b>

**Segundo.**-Prestar a súa conformidade á rectificación da clasificación formulada erróneamente por erro de transcripción na acta do 7/11/2017, sendo a clasificación real formulada pola Mesa de Contratación en sesión de data 7/11/2017 a que se recolle a continuación, resultando que a empresa que realmente se propuxo ao órgano de contratación como oferta económica máis vantaxosa en dita sesión de data 7/11/2017 foi Valdonaire Soluciones Técnicas, S.L.:

EMPRESA	TOTAL
Valdonaire Soluciones Tecnicas, S.L.	99,73 puntos
Airis Technology Solutions, s.l.	93,08 puntos
New Energy Concept 2020 S.L.	87,14 puntos
Servizos Eléctricos Abeldar, S.L.	80,20 puntos
Aopil, s.l.	77,72 puntos
S3 Systems & Solutions, s.l.	70,00 puntos
Microled La Mancha, S.L.	65,06 puntos
Imesapi, S.L	53,86 puntos
Industrial Electrica de Galicia, S.L.	49,58 puntos
Zona de Obra O Rosal, S.L.U.	46,51 puntos
Electricidad IN.M.A.C Condado S.L.	42,27 puntos
Juan R. Font	25,00 puntos
Construcciones SEOVI, S.L.	16,21 puntos

**Terceira.**- Dado o recurso con RE nº 10382 de 9/11/2017 presentado pola empresa " SERVICIOS ELECTRICOS ABELMAR, SL" (no que alude a que a luminaria ofertada por S3Systems&Solutions, S.L. non cumpre as especificacións do prego) e considerando os dous informes de data 13/11/2017 emitidos polo enxeñeiro técnico municipal redactor do proxecto (nos que informa que as características técnicas das luminarias ofertadas polas empresas "S3 SYSTEMS&SOLUTIONS, S.L." e "VALDONAIRE SOLUCIONES TECNICAS, S.L." non se axustan as establecidas no prego e no proxecto de obra), a mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

- Entender procedente a estimación do recurso e a EXCLUSIÓN dos licitadores "S3 SYSTEMS&SOLUTIONS, S.L." e "VALDONAIRE SOLUCIONES TECNICAS, S.L.", por non cumprir as luminarias por ditos licitadores ofertadas as prescricións/características establecidas no proxecto e pregos e en consecuencia non considerarse equivalentes, coa motivación recollida nos dous informes de data 13/11/2017 do enxeñeiro técnico municipal redactor do proxecto, do que resultaría que a oferta economicamente máis vantaxosa sería a da empresa "AIRIS TECHNOLOGY SOLUTIONS, S.L.".

De seguido e ás doce horas e vinte minutos, se estende a presente acta, do que eu secretaria da mesa de contratación, dou fe.

A Secretaria da Mesa de Contratación.

Documento asinado dixitalmente á marxe.